
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 28 DE MAIO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de dúas parcelas lindeiras coa estrada PO-553 (parroquia de Goián), a prol do Concello de Tomiño.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 63/2013, do 11 de abril, polo que se regulan os comités de ética da investigación en Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (Energylab) e Cooperativas Ourensanas, Sociedade Cooperativa Galega (Coren), para a realización dun proxecto demostrativo para o desenvolvemento de equipamentos para a xeración de enerxía térmica a partir da co-combustión dos residuos das explotacións avícolas e porcinas con biomasa forestal cofinanciado con Fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, por un importe total dun millón douscentos mil euros (1.200.000 euros).



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación galegas, para a execución de accións de promoción comercial exterior dentro do Programa de accións complementarias de iniciación da Cámara de Comercio de España, por un importe total dun millón seiscentos sete mil trinta euros (1.607.030 euros).
- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial de ampliación das instalacións de Jealsa Rianxeira, S.A. en Bodión, Boiro, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE), para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual, por un importe de cento noventa e cinco mil catrocentos cincuenta euros con trinta e sete céntimos (195.450,37 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación documentalmente simplificada, en 23 lotes, polo procedemento aberto multicriterio e tramitación urxente, da xestión de 104 comedores escolares da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2015/16, coa reserva do lote 16 a centros especiais de emprego, polo importe de seis millóns oitocentos oitenta e sete mil setecentos corenta euros con sesenta e sete céntimos (6.887.740,67 euros) e un valor estimado de dezaseis millóns tres mil cento catorce euros con noventa e cinco céntimos (16.003.114,95 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións plurianuais a entidades de iniciativa social comunitaria e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2015 e 2016 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo). Total: cinco millóns douscentos trinta e seis mil seiscentos noventa e seis euros (5.236.696 euros).



—

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural e do Mar e o Consello Superior de Investigacións Científicas, a través do Instituto de Investigacións Mariñas, para a realización da acción de investigación: epidemioloxía da enfermidade causada por *Marteilia cochillia* nas poboacións de berberecho *Cerastoderma edule* de Galicia, por importe de setenta e dous mil euros (72.000 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre os aspectos organizativos e os obxectivos operativos para o ano 2015 que formula a Xefatura da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se desenvolve a obriga de reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de posta en valor e multifuncionalidade.



A XUNTA TRANSFÍRELLE AO CONCELLO DE TOMIÑO A TITULARIDADE DE DÚAS PARCELAS PRÓXIMAS Á ESTRADA PO-553 NA PARROQUIA DE GOIÁN


- ***O Concello de Tomiño solicitou este cambio para destinar os ditos predios situadas nas inmediacións do río Miño a fins de interese social***
- ***Trátase de dous terreos que suman máis de 11.000 m² e que foron expropiados para a construción da Ponte Internacional en Goián-Vilanova da Cerveira***
- ***A entrega deste treito de estrada deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no DOG, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o cambio de titularidade de dúas parcelas lindoiras coa estrada PO-533 (Goián- Ponte Goián (fronteira de Portugal)) na parroquia de Goián, a prol do Concello de Tomiño. Trátase de dúas parcelas, que suman unha superficie de 11.305 m² e foron expropiadas para a construción da ponte internacional en Goián (Tomiño)-Vilanova da Cerveira (Portugal).

Con este acordo dásele resposta á solicitude trasladada polo Concello de Tomiño, que lle pedía á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o cambio de titularidade de dúas parcelas situadas nas inmediacións do río Miño, na zona de dominio público da estrada PO-553 (Goián–Ponte Goián), co obxecto de realizar nelas unha rexeneración ambiental e paisaxística para que sexan utilizadas como espazo de lecer e destinar os ditos bens a fins de interese social.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, así como de elementos funcionais e espazos da zona de dominio público adxacente, como é o caso destas parcelas, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en estradas.





A entrega deste treito de estrada deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no DOG, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello de Tomiño, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular dos terreos.

**O COMITÉ AUTONÓMICO DE ÉTICA DA INVESTIGACIÓN DE GALICIA,
ÓRGANO DE REFERENCIA PARA A AVALIACIÓN DE ESTUDOS DE
INVESTIGACIÓN DE INTERESE SANITARIO**

- ***O Consello da Xunta aproba o decreto que converte Galicia en pioneira en España***
- ***Establécese un procedemento específico de revisión destes estudos para dar resposta aos prazos indicados na plataforma Prepare***

O Consello da Xunta acaba de aprobar, na súa reunión de hoxe, o decreto que modifica o Decreto 63/2013, que regula os comités de ética de investigación en Galicia. Con esta nova normativa, a Comunidade Autónoma establecerá como órgano de referencia para a avaliación dos estudos de investigación e innovación considerados de interese sanitario asistencial ou de interese para a saúde pública o Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia.

Ademais, nesta modificación establécese a posibilidade dun procedemento específico de revisión destes estudos para dar resposta aos prazos indicados na plataforma Prepare - Plataforma europea para a preparación fronte a epidemias re-emerxentes-, de forma que a avaliación se realice no menor tempo posible e, en todo caso, atendendo ás circunstancias especiais que xustifiquen a avaliación urxente.

Deste xeito, acúrtanse os tempos previstos para a autorización destes estudos, garantindo que se cumpren os requisitos ético-legais na súa realización, e permitindo establecer de forma máis áxil pautas de actuación asistencial baseadas nos resultados obtidos.

Con esta nova normativa, Galicia é pioneira en España e poden situarse ao nivel competitivo da maioría dos socios europeos do consorcio de Prepare.

A plataforma Prepare

Esta plataforma é unha rede de redes e consorcios financiada pola Unión Europea para coordinar estudos de enfermidades infecciosas a grande escala. Este programa prevé unha activación nun período máximo de 48 horas ante a existencia dunha ameaza pandémica.

Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia

O Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia é o órgano encargado da valoración ética, metodolóxica e legal dos estudos de investigación que se realizan en seres humanos, o seu material biolóxico e os seus datos de carácter persoal.

O Decreto 63/2013, do 11 de abril, establece a existencia dun órgano autonómico e outros territoriais para avaliar e emitir informe, de forma descentralizada, dos proxectos de investigación con seres humanos, as súas mostras ou os seus datos de carácter persoal que se pretendan realizar en Galicia.

A XUNTA APROBA O PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN CIVIL NAS EMERXENCIAS POR INCENDIOS CO CONSENSO DE TODOS OS CONCELLOS

- ***O plan establece as funcións básicas e o contido mínimo que deben ter os plans de actuación municipal***
- ***Previamente ao informe favorable da Comisión Galega de Protección Civil foi remitido a todos os concellos en prol da máxima coordinación coas administracións locais na súa aplicación***
- ***Define os órganos de dirección e coordinación de emerxencias que se constitúen en función dos diferentes niveis de perigosidade e os recursos que se deben utilizar***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan especial de protección civil ante as emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA), que xa foi remitido a todos os concellos de Galicia a través da Fegamp, para acadar o maior consenso posible e garantir a coordinación coas administracións locais na súa aplicación.

Sobre o plan emitiu informe favorable o grupo de traballo da Comisión Galega na sesión celebrada o 18 de marzo, para logo ser aprobado na Comisión Galega de Protección Civil o pasado 8 de maio. Previamente á realización desta sesión, o plan foi remitido a todos os concellos e foi homologado na Comisión Permanente da Comisión Nacional de Protección Civil o 14 de maio.

Así, co fin de dar cumprimento á obriga de actualización destes plans que impón a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, e tendo en conta as experiencias adquiridas e a nova normativa a este respecto, fundamentalmente a nova Directriz Básica de Planificación (RD 893/2013), considérase necesaria a aprobación dun novo plan especial que substitúa o vixente.

O Plan Peifoga establece as funcións básicas e o contido mínimo que deben ter os plans de actuación municipal, así como o marco organizativo xeral que posibilita a plena integración destes no Plan especial. Establece a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade lle corresponda á Xunta e os que poidan ser asignados ao plan por outras administracións públicas e entidades públicas ou privadas, coa finalidade de lles facer fronte ás emerxencias que poidan darse en caso de incendios forestais.

As novidades máis salientables do plan consisten na actualización da análise de riscos, a través dos datos estatísticos dos últimos dez anos, tendo en conta a gravidade, causalidade e frecuencia, actualizando o nivel de risco dos concellos de Galicia; a simplificación dos grupos operativos actuantes, para mellorar a eficacia e operatividade do plan; a integración da Axencia Galega de Emerxencias e dos medios e recursos propios, así como de novos corpos de intervención como a Unidade Militar de Intervención (UME); a adaptación á nova Directriz básica de planificación, establecendo situacións do Peifoga en



función da perigosidade dos lumes e dos medios e recursos necesarios para afrontar a emerxencia; e a elaboración dunha guía de planificación municipal para os concellos que teñan a obriga de redactalo, un total de 230 concellos.

Contido

O plan contén os fundamentos legais e técnicos, restablecen o seu carácter de plan director da planificación territorial e define o concepto, as funcións e o contido mínimo dos plans de actuación municipal fronte ao risco de incendios forestais. Describe o alcance do risco no territorio de Galicia procedente do estudo da vulnerabilidade, da análise dos datos estatísticos de incendios, tendo en conta a súa frecuencia, gravidade e causalidade. Ademais, define os órganos de dirección e coordinación de emerxencias que se constitúen en función dos diferentes niveis de perigosidade e dos recursos que se utilizan.

Na mesma liña, o plan describe as diferentes fases que se levarán a cabo para efectuar a implantación e o mantemento da operatividade do plan. Ademais de conter tamén información sobre o catálogo de medios e recursos, os modelos de comunicación, o estudo da análise de risco e a guía de planificación municipal.



A XUNTA IMPULSA O USO DE BIOMASA AVÍCOLA CON FINS TÉRMICOS PARA MELLORAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA DO SECTOR AGROINDUSTRIAL GALEGO

- ***O Inega desenvolverá, xunto a Coren e EnergyLab, un proxecto demostrativo de 1,2 millóns de euros no complexo da empresa en Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense), na procura de xerar enerxía térmica a partir da combustión dos residuos con biomasa forestal***
- ***A nova caldeira cubrirá o 70% da demanda térmica da fábrica, aspira a acadar uns aforros anuais de case 270.000 euros e evita a emisión á atmosfera de 5.440 toneladas de CO² por exercicio***
- ***A iniciativa, enmarcada no contexto da Unidade Mixta de Innovación de Coren co Centro Tecnolóxico da Carne e Gain, busca ser replicada noutras explotacións gandeiras contribuíndo á diversificación enerxética, á mellora ambiental e ao incremento da competitividade industrial***
- ***Realizaranse distintos estudos para determinar as mesturas máis idóneas entre os residuos e a biomasa forestal, así como o potencial de valorización enerxética do que dispón Galicia***

O Goberno galego ten na innovación e no fomento das fontes renovables e da eficiencia enerxética dous dos eixos de actuación prioritarios na procura da mellora competitiva do tecido empresarial da Comunidade. Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo de colaboración do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) con Coren e Energylab para desenvolver un proxecto demostrativo nas instalacións da empresa en Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense. Esta iniciativa pioneira, que conta cun orzamento conxunto de 1,2 millóns de euros, permitirá coñecer as posibilidades que ofrece a biomasa avícola con fins térmicos de cara a mellorar a eficiencia enerxética do sector agroindustrial.

Para acadar este obxectivo, instalárase unha caldeira con capacidade para xerar enerxía térmica a partir da combustión da biomasa forestal e dos residuos da fábrica. Deste xeito, espérase a cubrir, co emprego dunha fonte renovable, o 70% da demanda térmica do complexo, acadando uns aforros anuais próximos a 270.000 euros e evitando a emisión á atmosfera de 5.440 toneladas de CO² por exercicio.

Este proxecto demostrativo encádrase no marco da Unidade Mixta de Innovación na que colaboran a Axencia Galega de Innovación, o Centro Tecnolóxico da Carne e a propia Coren, que comprende actuacións que mobilizarán 24 millóns de euros centradas na consecución de explotacións cárnicas máis eficientes e rendibles, na creación de produtos innovadores e de maior calidade e na xestión responsable de residuos.

Neste sentido, a iniciativa permitirá avaliar a viabilidade técnica e económica que permita a súa posterior replicación noutras explotacións gandeiras, contribuíndo a unha importante redución de custos que redundará en beneficio da competitividade industrial. Así mesmo, o uso dun recurso autóctono renovable como é a biomasa facilitará a diversificación



enerxética do sector e diminuírá a dependencia enerxética exterior, acadando importantes melloras ambientais.

Estudos informativos

O acordo de colaboración coñecido hoxe prevé, tamén, a realización de distintos estudos relacionados coa iniciativa de Santa Cruz de Arrabaldo. Así, analizaranse as tecnoloxías de valorización enerxética existentes no mercado actual europeo, tanto a nivel industrial coma a nivel doméstico. Ademais, estudarase o potencial enerxético e a produción de emisións dos residuos de explotacións avícolas e porcinas en Galicia, así como as mesturas máis idóneas con biomasa forestal galega. O obxectivo é garantir os mellores resultados na valorización enerxética destes procesos, promovendo o emprego de fontes renovables e a eficiencia enerxética na industria agroalimentaria galega.

Así mesmo, o proxecto supón un novo paso no desenvolvemento da Estratexia integral de impulso da biomasa forestal en Galicia, que busca configurar unha industria xeradora de riqueza con novas oportunidades de crecemento. Neste contexto, no que levamos de ano activouse unha nova orde que suma 12 millóns para a implantación de caldeiras de biomasa, constituíse o Foro da Biomasa e estase a fomentar o emprego do selo Galicia Calidade para certificar a orixe e calidade dos pellets e estelas producidos a partir da biomasa forestal galega.



O PLAN FOEXGA 2015 SUMA 1,6 MILLÓNS PARA IMPULSAR AS EXPORTACIÓNS DAS PEMES GALEGAS EN MERCADOS EN CRECEMENTO

- ***O programa incrementa a súa dotación nun 60% co obxectivo de procurar que as pequenas e medianas empresas inicien ou melloren os seus negocios en 40 países de especial interese***
- ***A iniciativa, en colaboración coas cámaras de comercio galegas, promoverá misións comerciais directas, a participación en feiras internacionais e a acollida de empresarios que visitan Galicia con interese comercial***
- ***O plan complementa os servizos de apoio que se achegan a través da Rede Pexga e intégrase na Estratexia de internacionalización da empresa galega co obxectivo de manter o bo ritmo exportador da Comunidade***

A Xunta, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial galego como un dos piares do crecemento económico, activa un ano máis o Plan de fomento das exportacións galegas (Foexga), que suma 1,6 millóns de euros para promover as exportacións das pemes de Galicia en mercados en crecemento. Neste sentido, o programa aumenta un 60% a súa dotación orzamentaria e aspira a impulsar, en colaboración coas cámaras de comercio galegas, os avances das empresas galegas en ata 40 países de especial interese.

Así, no marco desta iniciativa da que se informou hoxe ao Consello da Xunta, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, apoiará tanto a posta en marcha de misións empresariais en mercados prioritarios como o desenvolvemento de misións comerciais inversas, facilitando ás empresas a acollida daqueles empresarios que visiten Galicia con interese comercial. Así mesmo, fomentárase a presenza das pemes galegas en grandes feiras internacionais.

Deste xeito, o plan, que incide na cooperación entre compañías como panca para a súa chegada a novos mercados, aspira a facilitar a posta en marcha de preto de medio cento de iniciativas que favorezan o crecemento das exportacións e a apertura ao exterior das pequenas e medianas empresas. O obxectivo pasa por aumentar o número de compañías de base exportadora, que nos últimos catro anos acadaron un récord histórico en Galicia ao sumar 2.182 empresas que exportaron de forma regular durante este período. Ademais, perséguese acadar unha maior diversificación sectorial e xeográfica das exportacións, incorporando novos mercados e produtos aos procesos de internacionalización.

O Foexga complementa os servizos de apoio en destino que se achegan a través da Rede Pexga e intégrase na Estratexia de internacionalización da empresa galega que está a desenvolver o Goberno galego, e que suma 50 millóns de euros nos próximos dous anos para manter o crecemento das exportacións galegas e facer de Galicia un foco de atracción de investimentos especializado en sectores e países concretos



Neste contexto, o traballo xa desenvolvido, xunto co esforzo das empresas galegas, contribúe á boa marcha das exportacións da Comunidade, que acadou rexistros históricos no 2013 e no 2014, e que rexistra, no que vai de 2015, un incremento do 1,2% no volume de exportacións con respecto ao anterior exercicio.

Os mercados de especial interese para o Foexga 2015 son: Alemaña, Angola, Alxeria, Australia, Bosnia, Brasil, Canadá, China, Colombia, Corea do Sur, Costa de Marfil, Croacia, Cuba, Emiratos Árabes, Eslovenia, Estados Unidos, Etiopía, Francia, Ghana, Italia, Kenya, Malaisia, Marrocos, México, Nixeria, Nova Zelandia, Países Baixos, Panamá, Paraguai, Perú, Polonia, Porto Rico, Qatar, Reino Unido, República Dominicana, Rusia, Serbia, Singapur, Turquía e Xapón.



A XUNTA IMPULSA A AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE JEALSA RIANXEIRA EN BOIRO, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 20 MILLÓNS E A CREACIÓN DE 200 POSTOS DE TRABALLO

- ***O Consello avanza na aprobación do proxecto sectorial que lle permitirá á empresa edificar unha nova nave no porto de Bodión, que sumará 20.000 m² e disporá da maquinaria máis moderna, contribuíndo deste xeito a mellorar a súa competitividade***
- ***A actuación encádrase no plan de crecemento da compañía para os próximos tres anos co obxectivo de incrementar as súas vendas nun 20% no 2018***
- ***O Goberno galego segue así a colaborar co sector conserveiro como un dos principais motores económicos da economía galega, que suma o 3% do PIB da comunidade e o 6,5% do emprego industrial***
- ***Nos últimos 5 anos, a Consellería de Economía e Industria ten destinado preto de 34 millóns de euros a esta industria***
- ***O Grupo Jealsa, que emprega 2.000 persoas en Galicia, participa, xunto a Anfaco Cecopesca, nunha unidade mixta de innovación que busca avanzar cara á fábrica conserveira do futuro***

A Xunta de Galicia, na súa aposta por incrementar a competitividade do tecido empresarial galego, avanzou hoxe na aprobación do proxecto sectorial para a ampliación das instalacións de Jealsa Rianxeira en Boiro. Neste sentido, o Consello aprobou a declaración de incidencia supramunicipal dunha iniciativa na que a compañía conserveira investirá máis de 20 millóns de euros e creará arredor de 200 postos de traballo.

A magnitude do proxecto beneficiará non só a poboación de Boiro, senón tamén ás vilas adxacentes e á bisbarra da Barbanza. Así, a iniciativa implicará a construción dunha nova nave robotizada no porto de Bodión, que sumará 20.000 metros cadrados e estará dotada do equipamento máis moderno, achegando á compañía os instrumentos necesarios para desenvolver o seu traballo.

A construción da nova nave encádrase no plan de crecemento da compañía para os próximos tres anos co obxectivo de incrementar as súas vendas nun 20% no 2018. Neste contexto, a infraestrutura permitirá ao grupo empresarial, que emprega a 2.000 traballadores en Galicia, unificar as súas instalacións de almacenaxe co importante aforro de custos que supón, as melloras de xestión e, polo tanto, de competitividade.

Deste xeito, a Xunta dá un novo paso no impulso do sector conserveiro da Comunidade como un dos principais motores económicos da economía galega. Non en van, esta industria suma o 3% do PIB de Galicia e o 6,5% do emprego industrial e ten no grupo Jealsa un dos seus referentes, con presenza tanto na bisbarra da Barbanza como noutros mercados internacionais como Italia, Portugal, Marrocos, Estados Unidos ou Brasil.



Nos últimos 5 anos, a Consellería de Economía e Industria ten destinado preto de 34 millóns de euros a este sector, promovendo a internacionalización e a innovación como eixos para incrementar a súa competitividade. Neste sentido, o grupo Jealsa tense beneficiado do programa Innterconecta de cara á automatización dos seus procesos de produción e está a participar, xunto a Anfac-Cecopesca, nunha unidade mixta de investigación que procura avanzar cara á fábrica conserveira do futuro, con tecnoloxías que reduzan o impacto ambiental e melloren a eficiencia nestes procesos de produción.



CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ONCE PARA PRESTAR ATENCIÓN ESPECIALIZADA A 357 ALUMNAS E ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL

- ***A Consellería destinará a esta medida de atención á diversidade máis de 195.000 euros, en prol dun ensino de calidade axustado á diversidade***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coa Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para prestar atención especializada a 357 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura da addenda ao convenio asinado no 2013 entre ambas as entidades, o que fai posible que 6 profesores do corpo de mestres desenvolvan as súas tarefas profesionais nos equipos específicos da ONCE, prestando apoio ao alumnado cego ou con discapacidade visual, tanto en educación primaria, 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. Esta colaboración representa para a Consellería un custo superior aos 195.000 euros.

A colaboración subscrita entre a Consellería e a ONCE é un garante para a inclusión educativa deste alumnado –a través da súa escolarización en centros ordinarios-, a accesibilidade aos recursos tecnolóxicos e a transcripción e gravación a braille dos libros de textos e dos materiais curriculares. Repercute, ademais, na mellora dos centros educativos nos que estuda este alumnado, facendo realidade unha intervención educativa de calidade, axustada á diversidade de cada alumna e alumno, cunha intensa cooperación entre todas as persoas implicadas.

Coa sinatura deste convenio, o departamento educativo da Xunta de Galicia continúa, así mesmo, a dar cumprimento ao seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, reforzado a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ASUME A XESTIÓN DE 562 PRAZAS DE COMEDOR ESCOLAR PARA O PRÓXIMO CURSO, EN QUE DESTINARÁ MÁIS DE 29 MILLÓNS DE EUROS A ESTE SERVIZO

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a licitación do lote de contratos de comedores de xestión indirecta***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asumirá no próximo curso a xestión de 562 prazas en comedores escolares antes levadas por asociacións de nais e pais. Deste xeito, o departamento educativo da Xunta de Galicia continúa co seu compromiso de asumir de forma progresiva o servizo que viñan prestando ás ANPA, ademais de asinar convenios con concellos para que estes xestionen comedores –co apoio da Consellería-. Cómpre sinalar que, en función da demanda, o número de prazas anteriormente citadas poderá incrementarse ata un máximo do 10%.

Como parte deste proceso, o Consello da Xunta aprobou hoxe a tramitación do expediente de contratación, en 23 lotes, da xestión indirecta de 104 comedores escolares, 2 máis ca no curso pasado; a través da cal se servirán menús a máis de 11.700 usuarios.

Deste xeito, Cultura e Educación ten previsto xestionar –de forma directa ou indirecta- un total de 59.415 prazas de comedor escolar o vindeiro curso, case 11.000 máis que as que dependían desta Consellería no curso 2008/09. En total, a Consellería destinará a este servizo o vindeiro curso un orzamento de case 29,7 millóns de euros, o dobre ca no ano 2007, que inclúe os convenios de cofinanciamento que asina con concellos que se fan cargo de comedores e as axudas ás ANPA que aínda se encargan de prestar este servizo.

Cómpre lembrar que o sistema de comedor escolar de Galicia é un dos máis xustos e asequibles do Estado, ao estar baseado na renda familiar. Así, preto do 80% -en concreto o 78,28%- dos usuarios dos comedores de xestión directa ou indirecta da Consellería teñen o comedor escolar de balde, sen pagar nada. Engadíndolle os que pagan 1 euro ao día, o 84,79% dos comensais utilizan o comedor totalmente de balde ou pagando só un euro.



BENESTAR INVISTE 5,2 MILLÓNS DE EUROS EN APOIAR ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DE GALICIA, UN 40% MÁIS QUE NA CONVOCATORIA ANTERIOR

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe esta orde de axudas, destinada a axudar a manter os distintos centros de inclusión social, así como a promover proxectos de inclusión sociolaboral destinados á persoas en risco de exclusión***
- ***A orde será por primeira vez plurianual co fin de facilitar a execución e xustificación das distintas accións, e para responder así á demanda das propias entidades***
- ***Reservaranse 2 millóns de euros para albergues, comedores e centros de acollida, o que permitirá garantir de novo a subvención a todos eles sempre que estean autorizados***
- ***Trátase do terceiro ano consecutivo no que aumenta o financiamento desta convocatoria***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de axudas da Consellería de Traballo e Benestar destinada a apoiar ás entidades de iniciativa social de Galicia, e que conta este ano con 5,2 millóns de euros, un 40 por cento máis que o ano anterior e un 62 por cento se se compara con 2013.

Trátase do terceiro ano consecutivo no que se incrementa o orzamento destinado a esta convocatoria que será, por primeira vez, plurianual, e que está parcialmente cofinanciada polo FSE. Este cambio acometeuse para dar resposta precisamente ás demandas das propias entidades. Así, facilítaselles un prazo maior para executar as súas actuacións, polo que poden mellorar cualitativamente e afondar en actividades que precisan dun recorrido amplo, como poden ser os itinerarios de inclusión sociolaboral, por exemplo. Deste xeito, o período subvencionable estenderase dende o 1 de xaneiro de 2015_ata o 31 de marzo de 2016.

Ademais, hai que destacar que este ano vólvese garantir que todos os comedores, albergues e centros de acollida recibirán subvención, sempre que conten con autorización oficial da Xunta. De feito, do total do orzamento desta orde, reservaranse dous millóns de euros para este fin, un 35 por cento máis que na convocatoria de 2014 (1,5 millóns de euros).

Estas novas medidas únense ás xa incorporadas o pasado ano, como incluír a posibilidade de que as entidades poidan pedir anticipos da subvención para o desenvolvemento das súas actividades de inclusión ou o feito de unir tres liñas de axuda nunha soa convocatoria. En concreto, as antigas ordes de albergues e comedores, programas de inclusión das entidades de iniciativa social, e programas para as persoas inmigrantes. Esta unificación permite unha maior axilidade na tramitación dos expedientes.



Actuacións subvencionables

Estas axudas apoiarán a execución de distintas actuacións. En primeiro lugar, aquelas accións dirixidas á cobertura de necesidades básicas, a través de subvencións aos centros de inclusión e emerxencia social (albergues, centros de acollida, comedores sociais...).

Ademais, tamén se investirá, nun 80% con fondos da Unión europea a través do FSE, en proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios básicos (programas de convivencia alternativa, de fomento da cooperación...); e na atención para a inclusión social e acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión social (itinerarios de inclusión sociolaboral, apoio á conciliación...) ou para a poboación inmigrante (mellora das competencias, formación lingüística...).

Por outra parte, préstase atención ao compoñente territorial das dinámicas de exclusión, subvencionando actuacións en territorios que padezan exclusión territorial severa por causa da dispersión, perda de poboación e/ou dificultades de comunicación.

Por último, cabe destacar que, dentro das accións subvencionables, darase especial relevancia aos procesos vinculados á inclusión social activa, en consonancia co que se recolle na Estratexia para a Inclusión de Galicia 2014-2020, que conta con máis de 300 medidas e un orzamento global de 521 millóns de euros.

Esta orde de axudas inscríbese na aposta do Goberno galego pola inclusión social, que se reforza cada ano. A partida destinada ás persoas e grupos de poboación en situación ou risco de exclusión social conta neste exercicio cuns 70 millóns de euros, un 17,7 por cento máis que en 2014.



A XUNTA DESTINA 72.000 EUROS A UNHA INVESTIGACIÓN CENTRADA EN MITIGAR OS EFECTOS DO PARASITO MARTEILIA NO BERBERECHO COMÚN

- ***A consellería do Medio Rural e do Mar e o CSIC asinarán un convenio de colaboración que ten como obxecto a realización dunha acción de investigación sobre a enfermidade e a súa afección neste bivalvo***

A Xunta destina 72.000 euros a unha acción de investigación centrada en mitigar os efectos do parasito *Marteilia* no berberecho. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo. Este convenio ten como obxecto a realización dunha acción de investigación sobre o parasito *Marteilia* e a súa afección no berberecho común.

O acordo busca adquirir coñecementos sobre a enfermidade causada por este parasito nas poboacións de bivalvos en Galicia, para facilitar a toma de decisións na xestión do recurso e, se é o caso, desenvolver estratexias de loita que conduzan á minoración dos efectos causados por esta enfermidade. O estudo incluírá aspectos epidemiolóxicos e ambientais e o coñecemento do ciclo de vida da *Marteilia*.

Entre as accións específicas que se van desenvolver ao abeiro deste convenio destaca un programa de vixilancia da enfermidade en poboacións de berberecho non afectadas, co fin de coñecer en todo momento o estatus sanitario das poboacións. Tamén se estudará a dinámica temporal da enfermidade, avaliarase a influencia de variables ambientais no seu desenvolvemento e a transmisión da enfermidade entre berberechos, entre outras cuestións.

En virtude deste texto, traballarase na identificación e análise poboacional de potenciais hospedadores intermediarios (organismos que albergan o parasito) no ciclo biolóxico da *Marteilia* e da dinámica da súa infección.

Este acordo estará vixente ata o 31 de decembro de 2016. No caso de ser preciso, poderase prorrogar por períodos de 6 meses ou ata que se rematen os traballos obxecto do acordo, sen que supoña un incremento do gasto.



A POLICÍA AUTONÓMICA REESTRUTURARÁ OS SEUS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN E CONTROL OPERATIVO CREANDO UN CENTRO DE MANDO INTEGRADO E UN EQUIPO MULTIDISCIPLINAR DE INVESTIGACIÓN DE LUMES

- ***Estas son algunhas das novidades que presentou a Unidade para este 2015 nun informe que elevou a Vicepresidencia ao Consello da Xunta***
- ***Fomentarase a participación cidadá a través do portal web 'UPA 3.0' e de charlas en colexios galegos sobre temas de actualidade e interese para a infancia e mocidade***
- ***Tamén realizará cambios para facer un uso máis racional e eficiente dos seus recursos e incrementará a súa coordinación operativa co resto de corpos policiais***

O Consello da Xunta de hoxe informou dos cambios operativos e organizativos da Policía autonómica neste 2015, que pasan por unha maior coordinación, un uso máis racional e eficiente dos recursos e un aumento da participación cidadá a través do portal 'UPA 3.0', que mellorará a relación dos axentes cos galegos e galegas.

O principal cambio estrutural e organizativo da UPA durante este ano será a estruturación do seu Gabinete Técnico en varias áreas ben diferenciadas, como a de Coordinación Operativa e Planificación, Participación e Comunicación.

A unidade de Coordinación encargárase de plasmar en ordes a explotación de información operativa e a de Participación de desenvolver a UPA 3.0 e aumentar a súa colaboración con Educación, participando nas charlas en colexios e centros de ensino. Por último, a Unidade de Comunicación pretende facilitar e mellorar o coñecemento e a importancia dos servizos policiais, salientando aquelas actividades ou actuacións da UPA que teñan máis relevancia.

Paralelamente, converterán a sala nun verdadeiro centro de mando integrado (CMI) con extensión a todo o territorio e cuxo obxectivo será centralizar todos os dispositivos das seis sedes da UPA. Este centro mellorará a coordinación entre estas sedes e establecerá unha coordinación en tempo real co Corpo Nacional de Policía, a Garda Civil e as distintas policía locais de Galicia.

Procurarase unha mellor atención de determinados servizos operativos, especialmente relacionados tanto coa prevención e investigación dos incendios forestais como coa loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

Estas competencias, nas que se vén mantendo a acción da UPA nos derradeiros anos, veranse reforzadas na medida do posible nas funcións preventivas, de investigación e de intervención. Así, por exemplo, en incendios crearase un equipo multidisciplinar de investigación de lumes (EMIL), que terá competencia en todo o territorio.



Este grupo terá competencia en todo o territorio galego e estará formado por un especialista en investigación, que conte co curso superior de investigación de incendios, outro na área de ambiente natural; e un terceiro con coñecementos técnicos en pericias informáticas.

Ademais, no tocante á violencia de xénero, unha vez que se asine o protocolo no que se establece a colaboración coa Xefatura Superior de Policía de Galicia, a UPA desenvolverá en todas as súas sedes aquelas actividades referidas a esta materia que se recollen nel.

Finalmente, a Policía autonómica seguirá participando activamente en tarefas de colaboración e apoio aos concellos que así o soliciten e tamén en actividades de salvamento e rescate acuático, formando parte dun grupo especializado creado na Axencia Galega de Emerxencias.



A XUNTA PROMOVE O REINVESTIMENTO DOS INGRESOS PRODUCIDOS NOS MONTES NA PROCURA DUNHA XESTIÓN FORESTAL SUSTENTABLE

- ***O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre o inicio da tramitación do proxecto de decreto polo que se desenvolve o procedemento de comunicación e de verificación das cotas de reinvestimento en montes veciñais en man común***
- ***Actualmente nestes terreos estanse a realizar aproveitamentos dos diferentes recursos que produce o monte e a desenvolver diversas actividades e usos que veñen xerar ingresos dun xeito continuado***
- ***Parte destes ingresos deben ser novamente investidos no seu propio monte co fin de asegurar a súa sustentabilidade no tempo***
- ***Esta norma clarifica as actuacións e o prazo de reinvestimento a que teñen que ser dedicados parte dos ingresos xerados polo monte veciñal***

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre o inicio da tramitación do proxecto de decreto polo que se desenvolve o procedemento de comunicación e de verificación das cotas de reinvestimento en montes veciñais en man común. Esta norma desenvolve a Lei de montes de Galicia, que estableceu, como norma xeral, unha cota mínima do 40% de reinvestimento para a mellora e protección forestal de todos os ingresos xerados por estes montes, co fin de promover un desenvolvemento sustentable dos terreos forestais.

Actualmente nestes terreos estanse a realizar aproveitamentos dos diferentes recursos que produce o monte (pasto, biomasa, madeira, castañas, cogomelos...) e estanse a desenvolver diferentes actividades e usos (producción eólica, actividade extractiva, vitivinícola, sociorecreativa, etc.) que xeran ingresos dun xeito continuado.

Parte destes ingresos deben ser novamente investidos no seu propio monte co fin de asegurar a súa sustentabilidade no tempo. Esta norma clarifica as actuacións e prazo de reinvestimento ao que teñen que ser dedicados parte dos ingresos xerados polo monte veciñal.

Entendendo que os prazos en materia forestal son longos e polo tanto os reinvestimentos deben ser acompañados a esta realidade, a Lei de montes de Galicia fixou un período máximo de 4 anos contados a partir do ano seguinte no que se produciu o ingreso para realizar o reinvestimento das cantidades obrigadas. No caso de que se tivese que exceder o dito prazo, e sempre de forma xustificada, a comunidade de montes veciñais en man común (CMVMC) podería presentar un plan de investimentos plurianual que, tras a súa aprobación administrativa, faría posible alongar estes prazos.

Asemade, o proxecto de decreto regula que as CMVMC no primeiro semestre de cada ano natural deben presentar ante a Consellería do Medio Rural e do Mar unha comunicación



sobre a execución das actuacións realizadas para a valorización e multifuncionalidade dos seus propios montes financiadas polas cantidades de reinvestimento obrigadas.

Con esta norma afondarase na definición e concreción detallada dos diferentes ingresos que deben ser obxecto de reinvestimento no monte. Ademais, establecerase unha relación clara e clasificada das actuacións en materia de protección e mellora do monte que poden ser obxecto de execución e financiadas polos obrigados reinvestimentos. Polo tanto, o proxecto de decreto clarifica e asenta unha necesaria seguridade xurídica para as CMVMC co fin de levar a cabo o reinvestimento de ingresos nos seus propios montes a través de actuacións en materia de xestión forestal sustentable.

Estímase que en Galicia hai máis de 150.000 galegas e galegos que posúen a condición de veciños comuneiros, compoñendo as máis de 3.350 comunidades de montes veciñais en man común. Estas comunidades están a obter ingresos continuamente polo aproveitamento dos seus recursos e actividades e, segundo a lei, unha parte ou porcentaxe deses ingresos teñen que ser reinvestidos en actuacións para a posta en valor e multifuncionalidade dos seus propios montes. Co fin de verificar o cumprimento desta obriga, anualmente, as CMVMC, deben comunicar estes reinvestimentos á consellería competente en materia de montes.

